



CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL

Acta de constitución do tribunal cualificador e valoración de méritos

Categoría: Peón Grupo de emerxencias supramunicipal (GES) (V)

(Nº Postos de traballo que se convocan:1)

SANCHEZ FEIJOO, JOSE RAMON (1 para 6)
Tribunal
Data de Sinatura: 09/06/2022
HASH: 287b63edf8e784f58bc1be35ec2b9cd

Nas instalacións do Auditorio do Centro de Día dos Gozos, na Derrasa – O Pereiro de Aguiar, sendo as 09:15 horas do día 6 de xuño de 2022, procédese á constitución do Tribunal que xulgará os exercicios das probas selectivas para a provisión dunha **(1) praza de peón Grupo de emerxencias supramunicipal (GES) (persoal laboral temporal)**, ao abeiro das bases aprobadas na Xunta de Goberno Local de data 4 de maio de 2022, e posteriormente publicadas, en extracto, no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, no Taboleiro de anuncios e na Páxina Web deste Concello con data 11 de maio de 2022.

A relación definitiva de admitidos/as e excluídos/as, así como a sinalización do lugar e data para a constitución do Tribunal, realización das probas e valoración de méritos publicouse na páxina Web e Taboleiro de Anuncios do Concello en data 2 de xuño de 2022.

Estando presentes os membros do Tribunal que se relacionan, e unha vez advertida a existencia de quórum, queda constituído na seguinte forma:

- Presidenta: José Antonio Cerdeira Pérez, Secretario – Interventor do Concello do Pereiro de Aguiar.
- Secretaría: Marina Sara González Soto, asesora xurídica en asuntos de urbanismo e demais servizos municipais do Concello do Pereiro de Aguiar.
- Vogais: José Ramón Sánchez Feijoó, Xefe do servizo de bombeiros do Concello de Ourense.
- José Antonio Rodríguez Barros, operario de servizos varios municipais do Concello do Pereiro de Aguiar.
- José Antonio González Gallego, encargado de obras e servizos municipais do Concello do Pereiro de Aguiar.

A continuación procedese á valoración dos méritos que se detallan nas bases, a saber:

1. Méritos Profesionais.- Máximo 6 puntos.

- Por cada mes completo desempeñando un posto de traballo como persoal dos Grupos de Emerxencias Supramunicipais nos últimos catro anos á 0,10 puntos ata un máximo de 3 puntos.
- Por cada mes completo prestando, nos últimos catro anos, servizos operativos de intervención directa en emerxencias, accidentes, incendio, e outras labores de salvamento, no ámbito da protección civil municipal ou Agrupacións de Voluntarios de Protección Civil de carácter público: 0,10 puntos, ata un máximo de 2,5 puntos.

Concello do Pereiro de Aguiar

Plza. do Concello, 1, O Pereiro de Aguiar. 32710 (Ourense). Tfno. 988 259 385. Fax: 988 259395

JOSÉ ANTONIO CERDEIRA PÉREZ (2 para 6)
SECRETARIO - INTERVENTOR
Data de Sinatura: 09/06/2022
HASH: 9665d207ede6561dc8a9e4c21851e1e168



JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ BARROS (3 para 6)
Obras e servizos
Data de Sinatura: 09/06/2022
HASH: 14e482b0b4f1b9492a211e49f65684



Cod. Validación: AHJK2XQENHK5STNTAHKMBESL | Corrección: https://concelloperreiro.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 4

- c) Por ter prestados servizos en calquera das Administracións Públicas nos últimos catro anos en postos de traballo semellantes aos que se convocan: 0,10 puntos por cada mes completo ata un máximo de 0,5 puntos.

A estes efectos non se computarán servizos que fosen prestados simultaneamente con outros igualmente alegados e reduciranse proporcionalmente os prestados a tempo parcial ou en períodos de tempo menores aos sinalados.

A documentación que terá de presentarse para xustificar os méritos que se alegan para a súa valoración conforme ao baremo indicado será a seguinte en cada caso:

A experiencia profesional como persoal dos GES, protección civil ou nunha praza ou posto de igual contido no ámbito da Administración Pública xustificárase, presentando certificado de vida laboral actualizada expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social (orixinal ou copia cotexada), e copia dos contratos de traballo ou certificación expedida pola Secretaría ou calquera outro órgano da Administración con competencias en materia de persoal onde constarán os seguintes datos:

- Denominación dos postos de traballo que desempeñaran con expresión do tempo que os ocupara.
- Relación xurídica que mantivo ou mantén no desempeño dos postos coa Administración.

Para acreditar que se ocupa ou se ocupou praza ou posto de igual ou similar contido, cando non coincidan a denominación dos que se ocuparan co da praza á que se opta, o/a interesado/a deberá de achegar certificado no que consten as funcións realizadas.

2. Cursos, seminarios, congresos, xornadas. Participar en actividades formativas, sempre que se atopen relacionadas coas funcións a desenvolver e organizados, ben por unha Administración Pública, unha Universidade ou impartidos por empresas privadas homologados por unha Administración Pública). **Máximo 2 puntos.**

- Por cursos de 10 a 20 horas de duración: 0,10 puntos.
- Por cursos de 21 a 40 horas de duración: 0,20 puntos.
- Por cursos de 41 a 100 horas de duración: 0,30 puntos.
- Por cursos de máis de 100 horas de duración: 0,50 puntos.

Os cursos nos que non se exprese duración ningunha serán valorados coa puntuación mínima. Na acreditación de seminarios permanentes que duren un curso lectivo deberán especificarse o número de horas, no caso contrario valoraranse coa puntuación mínima.

No suposto de que a duración do curso se exprese en días, establécese unha equivalencia de 5 horas por cada día de curso.

Aos efectos da súa valoración os títulos ou documentación acreditativa deberán indicar o contido dos cursos, seminarios, congresos, xornadas.

Para acreditar estes méritos deberá de achegarse fotocopia compulsada dos documentos oficiais que os acrediten.

3. Titulacións oficiais en materia de emerxencias e protección civil. Máximo 2 puntos.

Por estar en posesión do Título de Técnico en emerxencias e protección civil, ou do Técnico Superior en Coordinación de Emerxencias e Protección Civil: 2,00 puntos.



Para acreditar estes méritos haberá de achegarse fotocopia compulsada dos documentos oficiais que os acrediten.

Os puntos obtidos na fase de concurso sumaranse á puntuación obtida na fase de oposición aos efectos de establecer a orde definitiva de aprobados. Estes puntos non poderán ser aplicados para superar os exercicios da fase de oposición. A puntuación máxima a outorgar nos anteriores apartados, será a seguinte:

- Méritos profesionais: Máximo 6,00 puntos.
- Cursos e seminarios, etc.: Máximo 2,00 puntos.
- Titulacións oficiais en materia de emerxencias e protección civil: Máximo 2,00 puntos.

Non serán tidos en conta os méritos que non estean acreditados documentalmete, conforme ao regulado nas bases de selección.

Unha vez realizada polo Tribunal a valoración de méritos resulta o seguinte:


| | | | | FASE DE CONCURSO (máx. 10 puntos) | | | |
|----|--------------------------------|------|---------------|--------------------------------------|---|---|------------------------|
| | APELIDOS E NOME | DNI | EXENTO GALEGO | MÉRITOS PROFESIONAIS (máx. 6 puntos) | CURSOS, SEMINARIOS, CONGRESOS, XORNADAS (máx. 2 puntos) | TITULACIÓNS OFICIAIS EN MATERIA DE EMERXENCIAS E PROTECCIÓN CIVIL (máx. 2 puntos) | TOTAL FASE DE CONCURSO |
| 1 | Blanco Carballo, José Manuel | 1512 | Non | 1,50 | 1,00 | 0,00 | 2,50 |
| 2 | Bouzo Domínguez, Fernando | 1954 | Si | 2,90 | 2,00 | 0,00 | 4,90 |
| 3 | Brea González, Rubén | 1612 | Si | 1,90 | 0,30 | 0,00 | 2,20 |
| 4 | Calviño Gómez, Iván | 1711 | Si | 1,10 | 0,70 | 0,00 | 1,80 |
| 5 | Caneiro López, David | 1937 | Si | 2,70 | 0,00 | 0,00 | 2,70 |
| 6 | Castro Souto, Roque | 1069 | Si | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| 7 | Domínguez Rodríguez, Jonatan | 1952 | Si | 3,90 | 2,00 | 0,00 | 5,90 |
| 8 | Fernández Quiroga, Javier | 1368 | Si | 2,50 | 2,00 | 0,00 | 4,50 |
| 9 | Franco Pérez, Javier | 1718 | Si | 1,00 | 0,50 | 0,00 | 1,50 |
| 10 | García Baceiredo, Manuel | 1641 | Si | 2,50 | 0,40 | 0,00 | 2,90 |
| 11 | García Mato, Diego | 1296 | Si | 1,00 | 1,20 | 0,00 | 2,20 |
| 12 | González Blanco, Juan carlos | 1820 | Si | 1,40 | 0,40 | 0,00 | 1,80 |
| 13 | López Cebreiros, Adrián | 1027 | Si | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| 14 | Lorenzo Casado, Juan Francisco | 1743 | Si | 2,50 | 2,00 | 0,00 | 4,50 |
| 15 | Mayo Touceda, Diego | 1086 | Si | 1,40 | 2,00 | 0,00 | 3,40 |
| 16 | Nava Herreros, Sergio | 1360 | Si | 2,50 | 0,20 | 0,00 | 2,70 |
| 17 | Peña Pérez, Pedro | 1746 | Si | 0,00 | 1,50 | 0,00 | 1,50 |
| 18 | Rodríguez Gómez, Diego | 1972 | Si | 3,50 | 1,80 | 0,00 | 5,30 |
| 19 | Suárez Dapena, David | 1917 | Si | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| 20 | Tejada Vázquez, Alberto | 1598 | Si | 2,50 | 0,50 | 0,00 | 3,00 |
| 21 | Trabazos Pérez, Alejandro | 1879 | Non | 0,00 | 0,80 | 0,00 | 0,80 |
| 22 | Villar Prol, Diego | 1900 | Si | 1,00 | 2,00 | 0,00 | 3,00 |

A Presidencia do Tribunal explica o proceso de concurso – oposición, que consistirá:

1. Na realización dunha proba de coñecementos (no día data) consistente nun

Concello do Pereiro de Aguiar

Plza. do Concello, 1, O Pereiro de Aguiar. 32710 (Ourense). Tfno. 988 259 385. Fax: 988 259395





CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

cuestionario tipo test de 40 preguntas, 5 de reserva, con 4 respostas alternativas, sobre as funcións propias do posto de traballo que figuran no Temario (Artigo 8 das bases), a realizar nun tempo máximo de 1 hora.

A valoración máxima por este exercicio será de 10 puntos, necesitando un mínimo de 5 para aprobar.

2. Na realización dunha proba práctica (no día da data) sobre as funcións propias do posto de traballo que figuran no no Temario (Artigo 8 das bases).

A valoración máxima por este exercicio será de 10 puntos, necesitando un mínimo de 5 puntos para aprobar.

3. Na realización dunha proba de galego (no día da data), consistente na tradución directa dun texto elixido polo Tribunal do castelán ao galego sen axuda de dicionario nun tempo máximo de 30 minutos.

Estarán exentos da realización da proba de galego os/as aspirantes que acrediten, antes de que remate o prazo de presentación de solicitudes, posuír o Celga 2, curso de iniciación ou estudos equivalentes.

Este exercicio cualificarase de apto/non apto e terá carácter obrigatorio e eliminatorio.

Non se producen intervencións e por unanimidade o Tribunal acorda proceder do xeito que propuxo a Presidencia.

E para que así conste e produza os efectos legais oportunos, levántase Acta ás 09:25 horas, no lugar e data anteriormente expresados, unha vez firmada por tódolos membros do Tribunal Cualificador, de cuxo acto esta secretaria certifico.

O presidente,

A secretaria,

Os vogais,

Concello do Pereiro de Aguiar

Piza. do Concello, 1, O Pereiro de Aguiar. 32710 (Ourense). Tfno. 988 259 385. Fax: 988 259395



Cod. Validación: AHJK2XQENHK5STNTAHK1RESL | Corrección: <https://concelloperreiro.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona estPublico | Páxina 4 a 4